



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Montes e Industrias Forestais

Asegurou Alberte Blanco, Director Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia na xornada "Ordenación e valorización integral do monte galego" celebrada esta mañá no CEIDA

"A nova política forestal conleva algúns cambios sociolóxicos"

- A Consellería de Medio Rural colgará mañá, mércores, na súa páxina web o borrador da Lei de Montes

Oleiros, 1 de abril de 2008.- "A nova política forestal forestal ten que facer forrote a innumerables retos onde é preciso facer cambios sociolóxicos, o cal implica que sexa un proceso longo", asegurou esta mañá o Director Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería de Medio Rural, Alberte Blanco, durante a inauguración da xornada de **Ordenación e valorización integral do monte galego** que tivo lugar esta mañá no Castelo de Santa Cruz, Oleiros, sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -.

"O primeiro reto é establecer con claridade a política forestal" explicou Blanco ás cincuenta persoas que asistiron á xornada. Desta forma, o Director Xeral de Montes e Industrias Forestais anunciou que dende mañá, mércores, e ata principios do mes de maio estará colgado na páxina web da Consellería de Medio Rural o borrador da futura Lei de Montes co fin de que a opinión pública poida consultala e crearse un debate social.

Durante a xornada, tamén se explicaron distintas actuacións que a Xunta de Galicia ten en marcha co fin de incentivar unha correcta ordenación e valorización do monte galego. Así, Alfredo Fernández Ríos, Xefe de Servizo de Produción e Industrias Forestais da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, explicou as catro liñas de axuda para a plantación de frondosas, onde os obxectivos que se persiguen no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 son o aumento da competitividade do sector agrícola e forestal, a mellora do ambiente e do contorno natural e a mellora da calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural. Na actividade que se levou a cabo esta mañá no CEIDA tamén se falou das Unidades de Xestión Forestal, da multifuncionalidade e valorización do monte e da lei de prevención de incendios.

Entre os asistentes ás xornadas atopábanse técnicos dos concellos e tamén representantes dos propietarios de montes. Unha das maiores preocupacións

reflexada por estes últimos son as pragas. Ante esta cuestión, os técnicos da Xunta recoñeceron que éste é un problema que vai en aumento e que, en moitas ocasións, non hai un tratamento que as elimine por completo.

Axudas contra as pragas

Alfredo Fernández anunciou que dende a consellería se está estudando a posibilidade de que se creen axudas para loitar contra algunhas das pragas máis importantes, as cales se están a converter, según Fernández, nun dos grandes problemas do sector forestal.

Francisco Javier Fernández de Ana Magán, Presidente da Asociación Forestal de Galicia – AFG -, explicou as características da organización que el preside e tamén expuso algunhas liñas de traballo. De Ana Magán, insisitiu que unha das medidas máis reclamadas polos socios da AFG son os préstamos a un xuro de 0% e a certificación das súas madeiras para que o monte produza bens tanxibles (madeira, carne, mel, cogumelos, enerxía,...) e bens intangibles (producción de CO2, produción de H2O, espazos de lecer, paisaxe, biodiversidade,...) da maior forma posible.

Carlos Vales, Director do CEIDA, recordou que o monte cumpre unha función ambiental de primeiro orde e que a súa correcta utilización debe de ter componentes ambientais, económicos e sociais.

Área de Comunicación do CEIDA